

CONVENIO DE COLABORACION EMPRESARIAL EN ACTIVIDADES DE INTERÉS GENERAL (ART. 25 DE LA LEY 49/2002, DE 23 DE DICIEMBRE, DE RÉGIMEN FISCAL DE LAS ENTIDADES SIN FINES LUCRATIVOS Y DE LOS INCENTIVOS FISCALES AL MECENAZGO) ENTRE VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U E A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 8 de abril de 2021 con **VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U** o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista entre a data de sinatura e o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos e condicións da colaboración de ambas entidades, prestando apoio ás actividades de promoción da defensa e conservación do medio ambiente e natureza que programa a Fundación no ano 2021.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución. A Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten por obxecto creación, explotación e promoción de areas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo



cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola fundación, ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

En cumprimento dos seus fins fundacionais, a Fundación promove actividades tendentes a “propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.”

Neste sentido, a Fundación procura o fomento da conservación e defensa do medio ambiente, e como tal, realiza actividades de concienciación no consumo solidario e sustentable dos recursos enerxéticos, e ten previsto realizar en 2021, as seguintes actividades relacionadas co medioambiente;

- 1.- Colaboración con carácter exclusivo no desenvolvemento das actividades a realizar con motivo da INTERVENCIÓN PAISAXÍSTICA NAS TORRES HEJDUK.
- 2.- Colaboración no desenvolvemento dunhas XORNADAS DIVULGATIVAS AO REDOR DA AUGA como recurso.
- 3.- Colaboración no desenvolvemento do obradoiro de maxia de verán ESCOLIÑA DE MERLÍNS E MORGANAS.
- 4.- Colaboración no desenvolvemento das visitas guiadas ANDAINAS CON ARTE que convidan a desfrutar da arte na Natureza e das fermosas vistas da cidade de Santiago de Compostela.



Pola súa parte, VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. (en adiante, VIAQUA) é unha empresa do sector do medio ambiente que xestiona todos os procesos relacionados co ciclo integral da auga e cuxo modelo se basea na constante innovación tecnolóxica e na adecuada xestión do coñecemento, así como no uso sustentable de todos os recursos dispoñibles. VIAQUA, mantén e desenvolve unha importante actividade económica na Comunidade Autónoma de Galicia a través dos seus distintos centros nela situados, e reconece a importancia da difusión da industria da madeira e a súa sostibilidade, e a tal fin desexa colaborar na súa realización, promoción e difusión, mediante unha achega económica, en consonancia coa súa política social corporativa, de forma altruísta, e sen contraprestación ningunha da cantidade que se referencia posteriormente nas cláusulas do presente convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

